

## FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

*Resolución do 26 de outubro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación das solicitudes de autorización para os centros escolares como solicitantes da axuda para a distribución de froitas frescas ao alumnado.*

Mediante Resolución do 29 de setembro de 2009 (DOG nº 195, do 5 de outubro), o director do Fondo Galego de Garantía Agraria regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e efectúa a convocatoria das devanditas axudas para o ano 2009.

Tendo en conta que este exercicio é o primeiro en que se inicia o programa de apoio á distribución de froita nos centros escolares e que a solicitude de autorización como solicitante da axuda coincide coa realización doutras tarefas propias do inicio do curso escolar, considérase preciso ampliar o prazo de solicitude de autorización para os centros escolares previsto no artigo 6.1º da resolución citada ata o día 11 de novembro, e o prazo para a autorización previsto no artigo 6.3º ata o día 30 de novembro do ano 2009.

En consecuencia, co fin de lles facilitar aos centros escolares a presentación das solicitudes de autorización como solicitantes da axuda para a distribución de froitas frescas ao alumnado, e de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o director do Fondo Galego de Garantía Agraria, en virtude das competencias que ten atribuídas,

### RESOLVE:

Artigo único.-Ampliar ata o día 11 de novembro de 2009 o prazo de solicitude de autorización para os centros escolares, e ata o día 30 de novembro o prazo para a autorización como solicitante da axuda, previstos nos artigos 6.1º e 6.3º, respectivamente, da Resolución do 29 de setembro de 2009 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o ano 2009 (DOG nº 195, do 5 de outubro).

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe recurso ningún, de acordo co disposto no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2009.

José Álvarez Robledo  
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

## INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

*Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se convoca un concurso anual para premiar as mellores teses de doutoramento e traballos de investigación en materia de defensa dos dereitos dos consumidores e dos seus intereses económicos, presentados no ámbito universitario e no dos organismos e entidades de Galicia.*

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas en materia de protección do consumidor e o Instituto Galego de Consumo é o organismo autónomo creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro que, dentro da Xunta de Galicia, executa as políticas que teñen por obxecto a defensa dos dereitos dos consumidores e os seus intereses económicos.

A defensa destes dereitos artícuase dentro dunha serie de procedementos eficaces co fin de protexer a seguranza, a saúde e os lexítimos intereses económicos e, neste sentido, a investigación pode contribuír de xeito importante ao coñecemento destes dereitos, de xeito que favoreza o desenvolvemento dos mecanismos axeitados para garantir a súa protección, co fin último de atender ás súas necesidades na procura dunha maior calidade de vida.

O Instituto Galego de Consumo, dentro do seu marco competencial, e en desenvolvemento do artigo 44.2º da Constitución, que establece que os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral, considera que unha vía fundamental para a defensa dos dereitos dos consumidores e dos seus intereses económicos é o profundamento no coñecemento da realidade da denominada sociedade de consumo.

En relación co anterior, o Instituto Galego de Consumo quere potenciar, con carácter de permanencia, a realización de estudos e investigacións en materia de defensa dos consumidores e a súa difusión como documentos de interese para os profesionais que traballan no campo da defensa e protección dos intereses dos consumidores.

Tendo en conta que os traballos de investigación realizados son documentos valiosos para os profesionais do campo da educación e da protección dos dereitos das persoas consumidoras, poden e deben ser utilizados como material didáctico e como documentos prospectivos para actuacións de mellora desta protección, así como difundilos e publicalos total ou parcialmente, polo que é de interese para o Instituto Galego de Consumo proverse destas investigacións a través dunha convocatoria de premios.

Por todo iso,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta resolución é proceder á convocatoria para o ano 2009 dun concurso de premios ás mellores teses de doutoramento e traballos de investigación sobre materias relacionadas intimamente coa protección dos dereitos dos consumidores e usuarios e a defensa dos seus intereses económicos.

**Artigo 2º.-Dotación económica.**

Outorgarase un primeiro premio de 3.000 euros e dous accésits de 1.000 euros para cada unha das dúas modalidades seguintes:

1. Modalidade A: teses de doutoramento.
2. Modalidade B: traballos de investigación.

Os premios, por unha contía total de 10.000 euros, faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 10.80.613B.640.0 dos orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2009, na cal existe crédito adecuado e suficiente.

**Artigo 3º.-Destinatarios.**

Poderán participar nesta convocatoria as persoas que presentasen as súas teses de doutoramento nalguna das tres universidades galegas, durante os anos 2007, 2008 e 2009 e que non fosen premiadas en anteriores edicións e/ou realizasen traballos ou estudos de investigación en organismos e/ou entidades públicas nese mesmo período.

**Artigo 4º.-Prazo de presentación.**

O prazo de presentación dos traballos remata o día 30 de novembro de 2009.

**Artigo 5º.-Presentación das solicitudes e documentación.**

1. Os traballos que se presenten en cada unha das modalidades irán acompañados da seguinte documentación:

- a) Solicitud conforme o anexo desta resolución.
- b) Fotocopia do NIF.
- c) *Curriculum vitae* do/a autor/a que inclúa os datos académicos, experiencia investigadora (estadía en centros de investigación e bolsas recibidas) e publicacións (libros, capítulos de libros, artigos en revistas científicas e comunicacións en congresos).
- d) Certificación académica relativa á data de presentación e cualificación obtida pola tese de doutoramento ou certificación asinada pola persoa que dirixiu o traballo de investigación, relativa ás datas de comezo e remate deste, na cal tamén se faga constar a súa valoración sobre a metodoloxía empregada e o grao de innovación dos resultados obtidos.
- e) Dúas copias da tese de doutoramento ou do traballo de investigación (unha en formato dixital e outra en papel).
- f) Resumo da tese de doutoramento ou do traballo de investigación, cunha extensión máxima de 10 páxinas, redactados en calquera dos idiomas oficiais da comunidade, na cal se incluírán o obxecto de estudo, material e métodos, resultados e conclusións e interese científico do tema tratado.
- g) Breve xustificación cunha extensión máxima de 5 páxinas sobre a achega innovadora do tema e sobre o interese e aplicación práctica para a Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Certificación da conta bancaria en que conste o código do banco, código da sucursal, díxito de control e código da conta corrente expedido pola entidade bancaria.

2. Os traballos que concursen, acompañados da documentación antedita, deberán presentarse nos

servizos centrais ou provinciais do Instituto Galego de Consumo, sendo, en todo caso, aplicable o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa actual redacción dada pola Lei 4/1999.

3. O Instituto Galego de Consumo velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exigencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que se deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, o Instituto Galego de Consumo revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito achegando identificación suficiente ao Instituto Galego de Consumo, avda. Gonzalo Torrente Ballester nº 1-5, 15707 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

**Artigo 6º.-Características dos traballos presentados.**

As teses de doutoramento e os traballos de investigación que se presenten deberán ser inéditos, agás a publicación ou difusión que se faga a través dos servizos de publicación da universidade en que foi lida a tese.

Deberán estar redactados en calquera das linguas oficiais de Galicia, agás no caso de teses de doutoramento europeas, que serán igualmente aceptadas. Neste caso, acompañaranse dun resumo, en galego ou castelán, de extensión suficiente que facilite a valoración do traballo de acordo cos criterios recollidos nesta convocatoria, por parte do xurado.

**Artigo 7º.-Xurado.**

1. As teses e os traballos de investigación que concurran a esta convocatoria serán examinadas e avaliadas por un xurado que terá a seguinte composición:

- a) Presidente: conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa que designe.
- b) Vicepresidenta: a presidenta do Instituto Galego de Consumo ou persoa que designe.
- c) Vogais:
  - Un representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
  - Dous representantes do Instituto Galego de Consumo.
  - Un representante das asociacións de consumidores e usuarios nomeado polo pleno do Consello de Consumidores e Usuarios de Galicia.

d) Secretaria: actuará como secretaria a xefa de sección de Educación e Formación do Instituto Galego de Consumo.

2. O funcionamento do xurado estará regulado polas normas contidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O xurado terá facultades para resolver as dúbidas que aparezan na interpretación das bases desta convocatoria.

3. O xurado, se for necesario, poderá contar co asesoramento de especialistas.

4. Os premios anunciados poderán ser declarados desertos. Non obstante, o xurado poderá determinar a redistribución da contía dos declarados desertos cando as características dos traballos así o permitan.

#### Artigo 8º.-*Criterios de valoración.*

Os traballos presentados en ambas as modalidades serán avaliados segundo os seguintes criterios:

1. Innovación do traballo, tanto no tema tratado como na súa formulación e nas conclusións obtidas: ata 5 puntos.

2. Aplicación práctica da investigación realizada na mellora da protección dos dereitos dos consumidores e a defensa dos seus intereses económicos: ata 3 puntos.

3. Tratamento de temas relacionados co sector servizos ou produtos: ata 2 puntos.

#### Artigo 9º.-*Pagamento dos premios.*

1. O pagamento dos premios, por unha contía máxima de 10.000 euros (dez mil euros), farase con cargo á aplicación orzamentaria 10.80.613B.640.0 dos orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2009, na cal existe crédito adecuado e suficiente.

2. As persoas destinatarias dos premios teñen a obriga de facilitar toda a documentación que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4. Así mesmo, en caso de que se incumpra calquera das condicións establecidas para a súa concesión, existirá obriga de reintegro total ou parcial do premio percibido.

#### Artigo 10º.-*Difusión e publicación.*

1. A participación no concurso supón a aceptación de todas as súas bases, así como a cesión do dereito de divulgación e publicación total ou parcial dos traballos premiados tanto en formato impreso como en dixital, ben que non ten carácter de exclusiva. Así mesmo, poderá ser utilizado como material didáctico nas actividades do Instituto Galego de Consumo e, en especial, da Escola Galega de Consumo. A copia en formato dixital será publicada na páxina web do Instituto Galego de Consumo.

2. Os/as autores/as das teses de doutoramento e traballos de investigación premiados farán constar

que o traballo foi premiado polo Instituto Galego de Consumo en todas as publicacións daqueles.

#### Artigo 11º.-*Retirada da documentación.*

As persoas interesadas ou as que as representen poderán retirar as teses e traballos non premiados na sede do Instituto Galego de Consumo, no prazo dos trinta días naturais seguintes ao da publicación da resolución de concesión dos premios no *Diario Oficial de Galicia*. As teses e traballos de investigación non recollidas no antedito prazo incorporaranse á biblioteca da Escola Galega de Consumo.

#### Artigo 12º.-*Resolución.*

1. As solicitudes entenderanse desestimadas se o concurso de premios non se resolve antes do 31 de decembro de 2009.

2. A proposta de concesión de premios emitida polo xurado elevarase á presidenta do Instituto Galego de Consumo, para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, segundo o establecido na Lei 29/1998, da xurisdición contencioso-administrativa, ante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente á circunscrición do órgano que ditou a resolución, se é expresa, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto é sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se for o caso, calquera outro que consideren procedente.

#### Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

Esta resolución poderá ser impugnada potestativamente, ante a presidenta do Instituto Galego de Consumo, mediante recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### *Disposición derradeira*

Facúltase a presidencia do Instituto Galego de Consumo para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2009.

Mª Nava Castro Domínguez  
Presidenta do Instituto Galego de Consumo



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

ANEXO I



PROCEDIMENTO <b>CONCURSO DE PREMIOS PARA TESES DE DOUTORAMENTO E TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE DEFENSA DOS DEREITOS DOS CONSUMIDORES E OS SEUS INTERESES ECONÓMICOS PARA O ANO 2009</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>IN104C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**1. - DATOS DO SOLICITANTE (\*)**

APELIDOS E NOME <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>	Nº <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>
POBOACIÓN <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>
ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		

**2.- DATOS DA TESE DE DOUTORAMENTO**

TÍTULO <input type="text"/>	SECTOR QUE ABRANGUE <input type="text"/>
UNIVERSIDADE EN QUE FOI PRESENTADA <input type="text"/>	DATA DE LECTURA <input type="text"/>
CUALIFICACIÓN <input type="text"/>	DIRECTOR/A DA TESE <input type="text"/>

**3.- DATOS DO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN**

TÍTULO <input type="text"/>	SECTOR QUE ABRANGUE <input type="text"/>
DATA DE REALIZACIÓN <input type="text"/>	DIRECTOR/A DO TRABALLO <input type="text"/>

**4.- OBXECTO DA SOLICITUDE**

Participar no concurso de premios para teses de doutoramento e traballos de investigación en materia de defensa dos dereitos dos consumidores e os seus intereses económicos, presentadas nas universidades galegas durante os anos 2007, 2008 e 2009, na modalidade de:

- Teses de doutoramento
  Traballos de investigación

**5.- DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN**

- Curriculum vitae actualizado e fotocopia do NIF
- Certificación oficial da universidade onde se presentou a tese indicando a data de lectura, a composición do tribunal que a xulgou, a cualificación obtida e o nome do/a director/a da tese
- Certificación da persoa que dirixiu o traballo de investigación e universidade de presentación, de ser o caso
- Un exemplar do traballo en formato dixital (PDF) e outro en formato papel
- Un exemplar do documento resumo da tese (10 páxinas máximo) ou do traballo de investigación
- Breve xustificación (5 páxinas máximo) sobre a achega innovadora do tema
- Certificación da conta bancaria
- Outros (indicar)

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento ao Instituto Galego de Consumo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se convoca un concurso anual para premiar as mellores teses de doutoramento e traballos de investigación en materia de defensa dos dereitos dos consumidores e dos seus intereses económicos, presentados no ámbito universitario e no dos organismos e entidades de Galicia.</i>	Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/>  REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>  DATA DE ENTRADA ____/____/____  DATA DE EFECTOS ____/____/____  DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE  _____, de _____ de _____		

Presidenta do Instituto Galego de Consumo

Nota: cando sexa un traballo de investigación realizado por varios autores, cada un dos autores cubrirá o contido do anexo I, especificando a súa condición de coautor.